

Santín expresa o seu apoio a Miguel Ángel Fernández para gobernar Triacastela porque "os veciños tiveron unha xestora alcaldesa e queremos un alcalde que xestione"

O secretario Provincial afirmou que "é hora de recuperar o Goberno local para acabar co desgoverno do Partido Popular. Creo que este é o momento de volver a liderar o proxecto do PSOE. E é que hai unha serie de necesidades que se están vendo no municipio; todo o contrario do que están a facer os actuais mandatarios, e cuxo proceder está baseado nunha xestión de costas aos veciños, de costas á xente"

A Vicepresidenta Segunda da Deputación coincidiu con González Santín na necesidade dun cambio neste concello, pois os gobernos socialistas "somos a principal barreira que frea os brutais recortes que impón a dereita en políticas sociais"

O candidato anunciou as principais propostas de goberno dos socialistas: a dotación de saneamento a todos os núcleos de poboación de Triacastela, o que redundará nun beneficio para a cidadanía pero tamén para "a conservación do medio natural no que vivimos", e potenciar o Camiño de Santiago para garantir o emprego, xa que é a principal fonte de postos de traballo do municipio

Trátase dunha lista formada por 11 integrantes, profundamente renovada, pois unicamente repite o alcaldable e os 4 suplentes. Fernández López indicou que "a candidatura é unha mestura da xuventude e da veteranía unidos profundamente pola ilusión e o compromiso de traballar por Triacastela"

TRIACASTELA, 22 DE ABRIL DE 2015.- A agrupación socialista de Triacastela, con Miguel Fernández López á cabeza, vén de presentar a candidatura coa que o PSdeG deste municipio concorrerá ás eleccións municipais do 24 de maio. Nesta presentación participaron tamén o secretario Provincial e o de Política Municipal– Juan Carlos González Santín e Álvaro Santos- e a vicepresidenta segunda da Deputación de Lugo - Lara Méndez-

González Santín afirmou que "é hora de recuperar o Goberno local para acabar co desgoverno do Partido Popular. Creo que este é o momento de volver a liderar o proxecto do PSOE. E é que hai unha serie de necesidades que se están vendo no municipio; todo o contrario do que están a facer os actuais mandatarios, e cuxo proceder está baseado nunha xestión de costas aos veciños, de costas á xente". Por iso, engadiu "confío en que os cidadáns saberán ver que o proxecto dos socialista ten ideas realizables e achegadas á poboación, non a vista de paxaro, senón cos pés na terra, e axustadas ás súas necesidades. Os veciños tiveron unha xestora alcaldesa e queremos un alcalde que xestione".

O secretario Provincial destacou, ademais, que "o equipo que lidera Miguel Fernández integra un fronte común e que sumará votos para acabar co desprestixio que o Partido Popular trouxo para Triacastela".

Pola súa banda, a Vicepresidenta Segunda da Deputación coincidiu con González Santín na necesidade dun cambio neste concello, pois os gobernos socialistas "somos a principal barreira que frea os brutais recortes que impón a dereita en políticas sociais". "Fixémolo na Deputación, onde demostramos que é posible outra forma de gobernar, ao compatibilizar unha boa xestión das contas públicas cun forte incremento dos investimentos en políticas para as persoas", explicou Lara Méndez. De feito, a institución provincial, asegurou a Vicepresidenta, "multiplicou por 370 os

recursos económicos destinados a crear emprego dende a chegada do PSdeG hai oito anos e nun 90% os de servizos sociais”.

Melloras no saneamento e potenciar o emprego

O Alcaldable anunciou que o seu programa de goberno baséase “na mellora das condicións de vida dos nosos veciños e veciñas”. Entre as súas propostas atópase a dotación de saneamento a todos os núcleos de poboación de Triacastela, o que redundará nun beneficio para a cidadanía pero tamén para “a conservación do medio natural no que vivimos”. “Outro dos pilares do proxecto de goberno socialista é potenciar o Camiño de Santiago para garantir o emprego, xa que é a principal fonte de postos de traballo do municipio”, explicou o candidato socialista.

Lista renovada

Trátase dunha lista formada por 7 integrantes, e 4 suplentes, profundamente renovada, pois unicamente repite o alcaldable e os suplentes. Fernández López indicou que “a candidatura é unha mestura da xuventude e da veteranía unidos profundamente pola ilusión e o compromiso de traballar por Triacastela, de dar resposta ás necesidades dos nosos veciños e veciñas en contraposición ao uso que fai o PP do goberno local como trampolín político”.

A lista, que conxuga membros diferentes idades e sectores profesionais, constitúe en definitiva unha representación do conxunto da sociedade de Triacastela, o que a converte na candidatura perfecta para liderar o proxecto socialista no municipio comprometido en dar solución ás preocupacións dos veciños e veciñas.

Así mesmo, a conformada por catro homes e tres mulleres, conta coa veteranía do cabeza de lista e a experiencia política dos suplentes, que formaron parte do goberno e da oposición do municipio nos últimos anos. Esta experiencia política servirá de base e apoio para os novos integrantes, que asumen con responsabilidade o compromiso de servir á cidadanía. A candidatura é a seguinte:

- 1.- Miguel Fernández López
- 2.- Ana Fernández Pombo
- 3.- Carlos Gayo Tourón
- 4.- María Ángeles Gironde Andrés
- 5.- Mónica Fernández Díaz
- 6.- Julio López Argiz
- 7.- José Manuel Lago Doval

Suplentes:

- 1.- José Manuel Celeiro Rodríguez
- 2.- Manuel Mejía Iglesias
- 3.- Aurelia Carballo Rodríguez
- 4.- Óscar Lago Gancedo